

# INFORMACIÓN DA CONVOCATORIA POISES

Presentamos información basada na convocatoria 2016. A próxima convocatoria 2018-2019, está pendente de ser publicada.

## **Fondo Social Europeo (FSE) programación 2014-20 Programa operativo (PO) de Inclusión Social e Economía social**

**Programa operativo de Inclusión Social e Economía social.**

**Obxectivo temático 8. Promover a sostibilidade e a calidade no emprego e favorecer a mobilidade laboral.**

**Prioridade de inversión 8.3. Promover o traballo por conta propia, o espírito empresarial e a creación de empresas.**

**Obxectivo específico 8.3.1 destinado a aumentar as competencias emprendedoras e a incrementar o número de empresas e iniciativas de traballo por conta propia, sostibles, facilitando o seu financiamento e mellorando a calidade e eficiencia dos servizos de apoio e consolidación.**

### **Os proxectos deben contribuír a conseguir os seguintes resultados:**

- Incrementar o número de entidades de economía social.
- Impulsar a profesionalización dos recursos humanos e a xestión das entidades de economía social.
- Aumentar o número de persoas emprendedoras baixo fórmulas de economía social.
- Fortalecer as entidades de economía social a través, entre outras, de medidas de seguimento e consolidación.
- Apoiar a internacionalización e a innovación das empresas de economía social, así como a transformación e reconversión de empresas en crise en empresas de economía social.
- Aumentar a calidade e a sostibilidade no emprego, garantindo a avaliación das medidas financiadas, de xeito que se reorienten no caso de que non sexan sostibles.
- Mellorar a situación de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes nas empresas no ámbito da economía social.

**CEPES (Confederación Española de Empresas da Economía Social), está recoñecida como organismo intermedio para a xestión deste PO, polo que:**

- Emitirá convocatorias para execución bianual: prox. Outubro 2017 para executar en 2018-19
- Irá dirixida a entidades da economía social con capacidade financeira para cubrir o custe total do orzamento presentado con medio propios ou a través doutros cofinanciamentos
- Convocase en réxime de concorrencia competitiva. A maiores é necesario ter un mínimo de 60 puntos sobre 100 e un mínimo de 10 puntos e cada un dos catro criterios de valoración.
- Establece como criterios de valoración: relevancia da proposta e adecuación aos obxectivos da convocatoria; plan de traballo e contido técnico da proposta; impacto potencial do proxecto; e capacidade técnica e económica da entidade solicitante.

### **As liñas de apoio do POISES orientaranse a:**

- Accións de apoio ao emprendemento e ou autoemprego non ámbito da economía social que teñan en conta a perspectiva de xénero. Trátase de accións orientadas a apoiar proxectos viables e a prestar asistencia no proceso de creación e mantemento da entidade de economía social, que aumente a súa sustentabilidade.
- Axudas para o fomento da contratación e a creación de empresas de economía social.
- Impulso á profesionalización dos recursos humanos e a xestión das entidades da economía social, mediante accións formativas.
- Axudas á constitución de empresas de economía social.
- Apoio á internacionalización e á innovación das empresas de economía social, mediante accións de apoio e accións formativas especializadas.

**Os proxectos** (conxunto de actividades interrelacionadas e coordinadas que conforman unha intervención integrada para alcanzar uns obxectivos concretos) deben ter un enfoque baseado en resultados e identificar unha previsión de indicadores de resultados e impacto. **Deberán axustarse á algunha das seguintes categorías:**

- 1.- crear empresas e empregos na economía social
- 2.- impulsar a profesionalización dos recursos humanos e a xestión das entidades de economía social mediante accións formativas cun 40% de compromiso de contratación
- 3.- fomentar o emprendemento con fórmulas de economía social en persoas que se atopen en proceso de formación regrada.

Enténdese por proxecto subvencionable cada proxecto aprobado a unha entidade beneficiaria, respecto de cada unha destas categorías.

### **Condicións da convocatoria 2016**

**Beneficiarias:** entidades e empresas da economía social

**Requisitos:**

- ter entre os seus fins o fomento da economía social
- estar constituídas e inscritas
- ter unha sede permanente e medios humanos e materiais para xestionar o proxecto
- ter capacidade económica e financeira, é dicir, contar cun volume de ingresos no exercicio precedente catro veces superior ao custe total do proxecto
- ter compromisos que garantan a cofinanciación con fondos públicos ou outras axudas/subvencións (que non poden proceder de fondos comunitarios)
- dispoñer de tesourería que permita anticipar o pago dos gastos do proxecto

**Nivel de cofinanciamento do FSE en Galicia:** 80% do custe total dos proxectos (categoría B, rexión desenvolta)

**Período de execución da próxima convocatoria:** 1/01/2018 a 31/12/2019

**Período de xustificación económica ANUAL:** 2 meses dende o final da execución

**Período de pago dos gastos subvencionables:** o da xustificación económica

## **Solicitud** (modelo normalizado)

Cada entidade presenta unha única solicitude coa relación de proxectos (máximo un proxecto por categoría), xunto coa Memoria da entidade, Memoria explicativa do proxectos (descrición, fines, xestión, orzamento, financiamento, subcontratación e medios de publicidade) e documentación administrativa (solvencia, estar ao corrente, representante, órganos, asociadas, etc).

Prazo: 30 días e por vía electrónica.

Trala resolución, haberá 10 días para aceptar e reformular segundo a cantidade concedida.

## **Gastos subvencionables**

### a) Gastos directos:

#### a.1 gastos directos de persoal:

- custes laborais con persoal da entidade ou contratada ao efecto (retribución bruta e cotizacións)
- persoas físicas con contrato mercantil

#### a.2 gastos directos de contratación de servizos a empresas ou profesionais externos (deben respectar o procedemento do sector público). Soamente os seguintes:

- cursos de formación (recurso, contidos, docencia)
- difusión do proxecto (carteis, folletos, placas, etc.)
- organización de eventos e reunións, aluguer de salas e medios audiovisuais, interpretes, elaboración de materiais formativos, seguro de accidentes, etc.
- axudas directas aos participantes para gastos de constitución (máx. 1.200 euros)

### b) Gastos indirectos:

para gastos de xestión e funcionamento da entidade, pero non poden superar o 15% dos custes directos de persoal. Serían aluguer oficina, subministros, material de oficina, limpeza, mantemento informático, etc.

**NON** son subvencionables:

- impostos
- gastos de desprazamentos, manutención ou aloxamento
- intereses debedores
- adquisición de mobiliario, vehículos, etc.
- gastos financeiros

- Non se admitirán desviacións económicas superiores ao 15% do inicialmente aprobado.

- Hai que xustificar as desviacións dos indicadores de resultados que se produzan.

- A Comisión Europea paga, nun primeiro momento, o 90% da solicitude de pago e o 10% restante trala aprobación anual de contas do POISES. Polo tanto, os cobros corresponderán ao 90% do 80% da subvención aprobada e xustificada.

## **Subcontratación**

- Autorízase a subcontratación nun porcentaxe máximo do 50% do custe total do proxecto subvencionado.
- Entenderase por subcontratación o feito de que unha ou varias das actuacións subvencionadas se contraten con terceiros para a súa execución total ou parcial. Non o son as contratacións de gastos nos que teña que incorrer a entidade beneficiaria para a realización da actuación, por ela mesma.
- Non se admite un segundo nivel de subcontratación.
- Se a a subcontratación realízase con entidades vinculadas, é necesario solicitar autorización de Cepes.
- A solicitude acompañará unha Memoria explicativa e xustificativa.

## **Acordos de colaboración**

Cando a entidade beneficiaria conta coa colaboración, na execución das accións, dunha entidade asociada poden asinarse acordos de colaboración motivados (unha maior implantación territorial, teleformación cando non se ten plataforma, etc.). Neste caso non é unha subcontrata e os gasto da cooperativa colaboradora se consideran gastos directos e deben imputarse como tales (non é unha prestación de servizos)

## **Obrigas que afectan á execución**

- Recollida dos datos de cada persoa participante nas actuacións, sobre indicadores de execución e resultados e dos indicadores específicos do proxecto (Guía da beneficiaria)
- Incorporar os datos á aplicación habilitada por Cepes.